

## **CONCELLO DE MEIRA**

CIF:P2702900H

Praza do concello, s/n

27240 Meira

Lugo

Teléf.: 982 330 102

Fax: 982 104 090

Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)

### **BANDO**

#### **AXUDAS PARA PROXECTOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS EMPRESAS DO SECTOR SERVIZOS E INDUSTRIA**

O luns día 18 de xaneiro de 2021 saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Enerxético de Galicia pola que se convocan axudas para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industria e servizos.

#### **BENEFICIARIOS**

- As empresas legalmente constituídas e os empresarios autónomos, que teñan domicilio social ou algúin centro de traballo en Galicia, incluídas no sector servizos ou na industria.
- As empresas de servizos enerxéticos que xestionen total ou parcialmente instalacións consumidoras de enerxía e que o obxecto destes contratos de servizos sexa a consecución de aforro económico derivado dun menor consumo de enerxía.

#### **ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

Considérase custo elixible os custos de investimento adicionais necesarios para lograr un nivel máis elevado de eficiencia enerxética.

- Os investimentos en substitución ou mellora de equipos e instalacións consumidores de enerxía, así como dos sistemas auxiliares.
- A renovación ou mellora de equipamentos de instalacións existentes de producción de calor e frío destinadas a atender a demanda de benestar e hixiene das persoas.
- A mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación existentes.
- A implantación de medidas de contabilización, monitorización e telexestión do consumo de enerxía.

#### **CONTÍA DA AXUDA**

A contía da axuda será do **35 % do custo elixible da nova instalación. Con carácter xeral, establecécese unha axuda máxima por proxecto de 500.000 euros.**

A intensidade da axuda incrementarase un 20 % no caso de axudas concedidas a pequenas empresas e un 10 % no caso de medianas empresas.

#### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes comezará **20 de xaneiro de 2021** e concluirá o 15 de outubro de 2021.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 20 de xaneiro de 2021.  
O Alcalde,  
Asdo.: Antonio de Diós Álvarez.

